

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, E A "FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA INSTITUTO FEIRAL DE A CORUÑA" (IFECO), PARA O USO DE ESPAZOS NAS CAMPAÑAS DE VACINACIÓN MASIVA DESENVOLVIDAS POLO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde, e a "Fundación Pública Galega Instituto Feiral de A Coruña" (IFECO) formalizaron o 9 de outubro de 2023 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional asinado ten por obxecto establecer as bases da colaboración das partes para a utilización dos espazos do recinto feiral de IFECO no desenvolvemento do programa galego para a vacinación conxunta fronte a gripe e a Covid-19 na Comunidade Autónoma.

Para tal efecto, a cesión de uso inclúe os espazos físicos necesarios para a vacinación, para o tránsito e acceso das persoas usuarias, para a almacenaxe e preparación das vacinas, e para o persoal do Servizo Galego de Saúde encargado de administralas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde, de conformidade co programa galego de vacinación establecido, ten como obxectivo principal a vacinación da poboación para reducir a morbilidade e a mortalidade, protexendo especialmente a aqueles grupos máis vulnerables.

A COVID-19 foi declarada pandemia pola Organización Mundial da Saúde (OMS) o día 11 de marzo de 2020 o que obrigou a un cambio na vida e comportamentos das persoas, ocasionando un aumento de presión sobre o sistema sanitario polo gran número de casos de enfermidade, un impacto importante sobre a mortalidade, así como un gran deterioro da situación económica e repercusión sobre a vida social da poboación.

Conseguir a inmunización da poboación a través da vacinación xeral demostrou ser a medida máis poderosa e eficaz para o control da pandemia.

Na actualidade a vacinación fronte á COVID-19 realízase de forma conxunta coa vacinación fronte á gripe, xa que comparten o mesmo grupo de poboación diana. A finalidade é vacinar ao maior número de persoas vulnerables antes das ondas epidémicas da gripe e da COVID-19, por tanto será preciso habilitar puntos de vacinación, coñecidos como grandes recintos que están preparados para acoller gran número de visitantes.

Para tal efecto, os recintos feirais como IFECO reúnen as condicións necesarias para a finalidade proposta, dada a súa ubicación estratéxica, alta capacidade e infraestruturas

dispoñibles.

Que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público establecer as bases que permitan dar soporte xurídico á cesión dos espazos necesarios dos recintos feirais, como elemento patrimonial indispensable para acoller os eventos de vacinación masiva que leve a cabo a autoridade sanitaria autonómica, así como formalizar axeitadamente a xustificación documental do uso de ditos espazos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

María Estrella López-Pardo Pardo.

